

# AS CONTAS DO CAMBIO

XOAAQUÍN M. FERNÁNDEZ LEICEAGA

*ECONOMISTA. PROFESOR TITULAR (USC). DEPUTADO DO GRUPO SOCIALISTA NO PARLAMENTO GALEGO.  
xoaquin.fernandez.leiceaga@parlamentodegalicia.es*

## 1. ORZAMENTOS DE CAMBIO

Estes primeiros orzamentos do novo goberno autonómico son de cambio pola súa concepción e os seus resultados, ao destinarse case o 90% do crecemento dos ingresos ás prioridades establecidas no discurso de investidura: modernización económica, emprego estable e de calidade, sanidade e políticas sociais, equilibrio territorial. A utilización da folgura orzamentaria contrasta, como veremos, coa acción dos últimos gobernos do Partido Popular.

Son unhas contas expansivas, ao utilizar as posibilidades que ofrecen a conxuntura económica e o apoio da facenda central, aínda que prudentes nas súas previsións. Os ingresos elévanse nun 9,04%, até acadar os 9911 millóns de euros..

A conxuntura económica facilita o magnífico comportamento dos impostos cedidos, cunha taxa de crecemento espectacular, próxima ao 30%, que se matiza ao comparala co avance de liquidación do ano (11,5%); e permite que os impostos compartidos medren tamén a taxas significativas. A persistencia dun ciclo inmobiliario alcista beneficia a recadación en Actos Xurídicos Documentados ou Transmisións Patrimoniais; a expansión económica xeral, en IVA ou IRPF. As melloras na eficiencia do aparato recadatorio explican tamén unha fracción dos resultados.

Pero ten máis interese destacar o comportamento das transferencias, porque exemplifica o funcionamento da maquinaria solidaria do nivel central. A Participación en Ingresos do Estado experimenta un ascenso do 11% (+364 millóns de euros), recollendo os efectos dos acordos de mellora do financiamento autonómico da último Consello de Política Fiscal e Financeira. Tamén aumenta as transferencias de capital desde a administración central, tanto as regladas (FCI) como as discrecionais (Convenios finalistas). En cambio, os fondos europeos, que son a partida principal, medran só un 3,2%: é o último

ano do Marco Comunitario de Apoio 2002-2006 e desaparecen os Fondos de Cohesión.

Por último, convén suliñar que non hai modificacións normativas no sistema tributario galego, e que as taxas e prezos públicos evolúen por baixo da inflación acumulada, reducindo a presión fiscal lixeiramente aos cidadáns.

## 2. ORZAMENTOS PRODUCTORES DE CAPITAL SOCIAL

Desde o ámbito da socioloxía insístese desde fai algúns lustros na relevancia da produción de capital social para favorecer dinámicas económicas sostibles. Os decisores económicos son, desde sempre, perfectamente conscientes de que só en sociedades coesionadas, estables, os procesos de investimento privado afrontan contextos favorables. Sen dúbida, a aprobación do orzamento en prazo ilustra sobre a unidade do goberno, e reconforta sobre a estabilidade política. Compre ir máis alá e indicar algúns elementos de reforzamento do capital social en Galicia:

- **A solvencia financeira:** Estes orzamentos reforzan a solvencia financeira e garanten o futuro. O aforro bruto, tanto da administración xeral como o consolidado, evolúe en sentido positivo e a un ritmo elevado (+12,96%), gracias á contención do gasto corrente non social e á intensa elevación dos ingresos. É o bon comportamento de esta magnitude a que permite elevar a formación de capital (investimento e transferencias de capital) a unha taxa superior á do conxunto. Certo é que o endébedamento neto aumenta en 140 millóns de euros, cumprindo o prescrito polo Plan Económico Financeiro 2004-2006 que o anterior goberno aprobara despois da catástrofe do “Prestige”. Pero as ratios de solvencia melloran (débeda viva sobre PIB ou débeda viva sobre aforro bruto).
- **A transparencia:** O orzamento 2006 é máis transparente e máis realista. Arquívouse o recorrente re-

curso ás famosas Leis de Acompañamento, unha especie de caixón de xastre para a reforma lexislativa, que dificultaba o control do executivo polo Parlamento; créase un rexistro de subvencións, público, no que os organismos da Comunidade autónoma teran que incluír as axudas que conceden a axentes privados, como medio de estimular a obxectividade; os Convenios con entes locais relaciónanse no Orzamento e, de suscribirse con posterioridade deberán tamén ser accesibles. Está prevista a creación dunha Oficina Orzamentaria no Parlamento de Galiza para colaborar co labor de control do poder lexislativo. Ponse en marcha a avaliación das políticas públicas autonómicas, para corrixi-lo que non resulte eficaz. Por último, o déficit oculto, sanitario ou da CRTVG, fáise emerxer, integrando nas previsións orzamentarias iniciais o gasto real do exercicio e facendo desaparecer unha fonte de perturbación notable do realismo das contas públicas.

- **A institucionalización do diálogo social.** Por vez primeira en Galiza organízase un marco de encontro entre representantes dos traballadores e dos empresarios para definir de consuno aquelas medidas que no ámbito laboral poden favorecer o crecemento, o emprego estable e a competitividade.

Debemos indicar tamén o compromiso do Orzamento 2006 coas políticas sociais e de reequilibrio territorial.

Exemplificamos o acento nas políticas sociais, en primeiro lugar e de xeito moi destacado, na decidida priorización do gasto sanitario. Certo é que como resultado da Conferencia de Presidentes e do Consello de Política Fiscal e Financeira as transferencias destinadas á sanidade aumentarán no 2006. Esta folgura orzamentaria trasládase ao SERGAS, que disporá de máis de 300 millóns de euros adicionais no próximo exercicio (+11,7%), concentrando o 40% do gasto adicional das Consellerías, o que lle permitirá, en primeiro lugar, axustar mellor as previsións orzamentarias ao gasto que terá lugar no exercicio; pero, en segundo lugar, pór en marcha programas específicos de redución de listas de agarda, de extensión do modelo de atención primaria e de mellora dos programas de continuidade asistencial.

Por outra parte os servizos sociais, dependentes da Vicepresidencia, contan con máis de 38 millóns de euros adicionais, experimentando un incremento do 15,06%.

## **«As taxas e prezos públicos evolúen por baixo da inflación acumulada, reducindo a presión fiscal lixeiramente aos cidadáns»**

Na decisiva cuestión do equilibrio territorial salienta a obriga de pór en marcha un Plan de Reequilibrio Territorial que contará con 150 millóns de euros. Ademais, un dos trazos máis destacados e novedosos no proxecto de orzamentos 2006 é o compromiso municipalista que incorpora, tanto pola forma como como polo fondo. A través dos orzamentos da Comunidade Autónoma circulan os fondos que para as administracións locais galegas des-

tina o orzamento xeral do Estado, pero non nos referimos a eles (que tamén medran significativamente). Primeiro, houbo un acordo entre a administración autonómica e os representantes dos concellos galegos, na FEGAMP. Segundo, este acordo trasládase ás contas, cun aumento significativo do montante total de fondos (18,6%) e a creación dun fondo específico de 6 millóns de euros, cuxo reparto será decidido no seo da Comisión Galega de

Cooperación Local. Ademais, auméntase a transparencia nas relacións entre administracións autónomas, relaciónándose os convenios suscritos con concellos, e que ascenden a 333 millóns de euros de financiamento local adicional.

### **3. ORZAMENTOS QUE REORIENTAN O MODELO DE CRECIMENTO**

Galiza debe expandir a súa economía a unha taxa superior á española e crear emprego neto nun volume aceptable (que para o ano próximo cífrase en 35.000 ocupados adicionais). A creación de emprego de calidade depende das decisións empresariais de investimento, que impulsen un crecemento equilibrado; á súa vez, nun entorno cada vez máis aberto e competitivo un tecido empresarial sostible depende dun bon comportamento da produtividade, asentada na innovación e internacionalización empresarial, na calidade da ma de obra, na disposición das infraestruturas precisas ou na solidez da investigación. Así conseguiremos atraer investimento externo, superando o magro 1% do total español dos últimos anos; e estimular o investimento interno, que disporá de factores de produción máis eficientes. A política económica é, por tanto, unha política de oferta, que pretende mellorar as condicións de produción e as características dos factores productivos. Os recursos de que dispón a comunidade autónoma deben reorientarse de xeito decidido cara o investimento, entendido éste non nun sentido meramente contable, senon de gasto que permite xerar máis valor engadido no futuro: en capital físico, en capital humano, en capital tecnolóxico. O gasto público autonómico do 2006 permitirá iniciar un xiro nos parámetros básicos do

modelo de crecemento nas direccións apuntadas. No novo marco de competencia (que combina globalización e modelo industrial pósfordista) as áreas que gañan son as que dispoñen da maior dotación en traballo cualificado, concentración da investigación, proximidade á demanda e redución do tempo de resposta e mestas relacións interempresariais.

Por tanto, as marxes de manobra existentes no orzamento diríxense ao reforzamento do capital humano, tecnolóxico ou físico.

- a) **En educación** o crecemento é lixeiramente superior ao do conxunto do orzamento (9,1%), contrastando coa evolución dos últimos anos. Descontando o capítulo de gastos de persoal, ¿qué incrementos se producen na comparación interanual? Pois ben, entre 2005 e 2004 só 38 millóns de euros; entre 2005 e 2006 por riba dos 110 millóns de euros, multiplicando case por tres a capacidade de pór en marcha novos programas que incidan na calidade da formación: bolsas para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, pulo á utilización dos medios da sociedade da información nas aulas, gratuidade dos libros de texto en todo o ensino primario, modernización de centros, ...O acento ponse no reforzamento do ensino público, combinando políticas de equidade e de creación de capital humano.
- b) **O programa de fomento do emprego**, que é o núcleo central das competencias da nova Consellería de Traballo, experimenta un ascenso de 33 millóns de euros (un 12%) cos obxectivos centrais de fomentar o emprego estable e de calidade, a redución da precariedade laboral e a mellora da empregabilidade dos traballadores desempregados. Tamén ten unha senda alcista nída o gasto en prevención de riscos laborais. Teñamos en conta que ao longo do exercicio percibiranse máis transferencias específicas da administración central para o fomento do emprego, que ampliaran a capacidade de intervención neste ámbito (42 millóns de euros por ano nun programa de catro anos).
- c) **Modernización empresarial e innovación.** Sen dúbida, hai unha certa continuidade coas políticas que estaban xa esbozadas no último ano, pero con significativas diferencias nos acentos, nos ritmos ou nas escollas. Hai unha nída aposta polo fortalecemento das capacidades investigadoras (programa 43), con un aumento no entorno do 20% nas partidas de gasto, camiñando cara á converxencia coa media española. Aumenta de xeito considerable o gasto en apoio á creación de empresas e á amplia-

ción empresarial, desenvolto por diversas Consellerías (Economía, Industria, Pesca, Meio Rural) ou polo IGAPE –que incrementa o seu orzamento de explotación e capital nun 9,2%, até os 119, 8 millóns de euros–.

No IGAPE salienta o acento no programa de apoio aos investimentos (+17,7% e 42% do gasto total), que permitirá atender aos proxectos xa comprometidos pero tamén captar novos proxectos, cunha atención especial aos investimentos estranxeiros, aos proxectos de certa dimensión e a aquelas iniciativas máis xeradoras de emprego. Ademais, porase en práctica un programa específico para Ferrolterra, cunha dotación inicial de 3,5 millóns de euros, na súa maior parte adicados a aumentar os incentivos económicos para a radicación de empresas na comarca. No conxunto das actuacións do IGAPE a creación de emprego estable será unha das variables máis tidas en conta á hora de apoiar os proxectos. Tamén sobresaie o aumento dos fondos para o programa de mellora competitiva de pequenas e medianas empresas (innovación tecnolóxica e creación de emprego) así como o apoio a proxectos emprendedores (+52,8%).

- d) O investimento en capital físico medra máis que o conxunto do orzamento, nunha nída aposta pola mellora das infraestruturas, nomeadamente de transporte. O obxectivo é vertebrar as áreas urbanas galegas de alta capacidade e fomentar as complementariedades entre elas; de xeito que as conexións exteriores fertilicen á maior parte do noso territorio. A xestión integrada das infraestruturas existentes e a conexión das diversas modalidades entre sí para fomentar os efectos de rede son fins tamén alcanzables. As actuacións en materia de solo industrial tamén se priorizan, para superar os déficit contrastable nas áreas urbanas máis dinámicas.

A nosa xeración ten a obriga de acelerar e completar o proceso de modernización, acabando de situar a Galiza como unha sociedade europea de benestar, próspera, madura e estable. Dispomos dun nivel de autogoberno sin equivalente histórico, e da capacidade de reformar ese instrumento para adaptalo ás esixencias do presente. A nova fronteira é a converxencia real con España e Europa en termos de renda, xerando emprego estable e de calidade que evite a emigración forzada de parte da nosa xuventude e permita completar o proceso histórico de incorporación da muller ao mundo laboral. Para esta tarefa estamos todos convocados. Como dicía Jane Jacobs:

*"O desenvolvemento é un proceso de fágao voste de mesmo; para calquer economía, a alternativa existente é a de facelo ela mesma ou non desenvolverse".*